CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU
2027
LATÍN II

CÓDIGO 30

CIRCULAR INFORMATIVA

Para as PAU 2027 manteranse o programa de contidos, o modelo de exame e os criterios de valoración utilizados no ano anterior. Así pois, tal como se pode ver no modelo de exame publicado na páxina web da CIUG, a proba constará de catro preguntas obrigatorias, as dúas primeiras con resposta única e as dúas restantes con posibilidade de elección entre dous apartados.

PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (5 puntos)

Proporase un texto de 3/4 liñas ou 6/7 versos. Este curso utilizarase a selección de textos de Eutropio e Fedro publicada na páxina web da CIUG.

Para esta pregunta poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno de gramática que non sexa orixinal do dicionario nin ningún caderno que inclúa outro tipo de contidos distintos dos gramaticais.

Co obxecto de dar cabida a distintas metodoloxías de ensino-aprendizaxe, para demostrar a comprensión total do texto proposto poderase optar na resposta a esta pregunta por unha soa das dúas seguintes posibilidades:

1ª) Traducir o texto

Haberá que traducir á lingua galega ou á lingua castelá o texto proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

2ª) Responder en latín as cuestións que se propoñan sobre o texto

As cuestións deberán ser respondidas con frases completas ben elaboradas e gramaticalmente correctas; se non se responden así, aínda que as respostas sexan correctas, haberá penalización na cualificación. Por exemplo, para a cuestión *Erantne multi piratae mari an non?* unha resposta correcta e completa sería *Multi piratae mari erant*, en cambio sería penalizable a simple resposta *Erant*.

A orde de palabras e de sintagmas na resposta será libre, sempre que resulte correcta e clara.

A resposta debe ser acorde en todos os seus aspectos coa pregunta correspondente. Non se trata, polo tanto, de extraer literalmente fragmentos do texto. Por exemplo,

se unha pregunta se fai en presente, haberá que responder en presente, aínda que no texto a acción correspondente estea en pasado.

As respostas deberán recoller soamente información do texto, pero nelas poderanse utilizar, por suposto, vocabulario ou construcións que non estean no texto, sempre que sexan adecuados.

As cuestións poderán ter algún nivel de dificultade distinto, pero todas elas serán valoradas coa mesma puntuación resultante de repartir os 5 puntos da pregunta de forma proporcional entre todas as cuestións.

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (1 punto)

Pídese a análise morfolóxica e a análise sintáctica dun pequeno fragmento do texto proposto para a pregunta anterior. Poderase utilizar calquera método de análise que sexa correcto.

Na análise morfolóxica haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar todas as categorías gramaticais de cada unha desas palabras.

Na análise sintáctica haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

En ambos os dous casos a análise deberá responder única e exclusivamente á situación concreta no texto en cuestión. Será, por conseguinte, penalizado na cualificación que se expliquen características que non sexan as específicas de cada palabra ou estrutura sintáctica no texto.

PREGUNTA 3. LATÍN E PLURILINGÜISMO. (2 puntos)

Esta pregunta versará sobre procedementos de derivación produtivos en latín e os seus resultados nas linguas galega ou castelá, e sobre locucións ou expresións latinas integradas nas linguas galega ou castelá. Terá, pois, dous apartados e haberá que responder soamente un deles:

1º) Identificar o prefixo de orixe latina nunha palabra e explicar de forma clara e completa que significado aporta ese prefixo no significado global desa palabra.

2º) Explicar o significado dunha expresión latina e utilizala nun exemplo adecuado e ben construído. Para este apartado este curso continuarase utilizando a selección que tamén estará publicada na páxina web da CIUG.

PREGUNTA 4. A LITERATURA LATINA NOS SEUS TEXTOS. (2 puntos)

Haberá que responder con exactitude, claridade e de forma sintética unha cuestión sobre xéneros e principais autores e obras da literatura latina; poderase escoller entre

dúas opcións.

Este curso continuarán sendo obxecto da proba os seguintes xéneros e autores:

a) Teatro. Plauto.
b) Oratoria e retórica. Cicerón.
c) Historiografía. Tito Livio.
d) Épica. Virxilio.
e) Lírica. Horacio.

Santiago de Compostela, setembro de 2026

Xosé Carracedo Fraga
Director do grupo de traballo